

ACTIVIDADES 2022



CAMPAÑAS 11F | 8M | 25N

OBSERVATORIO DE IGUALDADE

ITINERARIO FORMATIVO VIRTUAL EN XÉNERO

PREMIOS EXERIA

AXUDAS PARA ACTIVIDADES DOCENTES E DE SENSIBILIZACIÓN

BOLETÍN DE IGUALDADE

CALENDARIO ANUAL

Presentamos algunhas das accións implementadas desde a **Unidade de Igualdade** na Universidade de Vigo para alcanzar a igualdade de xénero.

Se queres coñecer en profundidade o noso traballo podes acceder a Memoria completa onde se describen todas as medidas desenvoltas durante o 2022.

Unidade de Igualdade

Edif. Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario Vigo

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Campaña de sensibilización e recursos fronte ás violencias machistas



A Unidade de Igualdade, dentro das accións que se impulsaron arredor do 25N, desenvolveu unha campaña para ofrecer recursos fronte ás violencias machistas e para dar a coñecer o Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da UVigo.

A información está dispoñible en formato dixital, en folletos de peto que se enviaron ás escolas, facultades e centros e tamén en 13 cubos informativos de grandes dimensións que se instalaron en diferentes espazos dos tres campus universitarios.

O Consello de Goberno aproba unha acción positiva pioneira para reducir a fenda de coidados no PDI

Esta acción supón a posibilidade de reducir o 100 % da dedicación docente no primeiro curso académico tras a incorporación do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento e o 50% no segundo.

Hackear ao patriarcado dixital

Continuamos reflexionando e achegando evidencias científicas e ferramentas prácticas físicas e dixitais para facer fronte ás violencias machistas dixitais.



A Universidade de Vigo convértese na primeira universidade en instalar dispensadores para facilitar o acceso do alumnado a produtos menstruais

Durante todo o ano realizáronse accións formativas e creáronse materiais específicos para coñecer e combater o machismo e a misoxinia dixital organizada da *manosfera*.